

Terceiro.

Nos supostos nos que non se efectúe a prórroga do nomeamento da dirección ou que se produza o cesamento da actual dirección se non remata mandato ao 30 de xuño de 2006, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, oídos o claustro de profesores e o consello escolar do centro, procederá a nomear unha dirección provisional, ata o 30 de xuño de 2007, preferentemente entre o profesorado que teña destino definitivo no centro ou vaia telo no curso académico 2006-2007.

*Disposición derradeira*

A presente orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*Orde do 8 de maio de 2006 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir postos de profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, prevé no seu artigo 3.2º que as prazas que nel se indican poderán ser cubertas mediante o correspondente concurso específico de méritos e polo prazo que se determine na convocatoria, as devanditas prazas deberán ser provistas a través dun concurso específico de méritos para a súa provisión mediante nomeamento temporal con reserva do posto de traballo de orixe e polo tempo que se estableza na correspondente convocatoria, que en ningún caso poderá exceder en máis de seis anos.

Así mesmo, o artigo 5 do devandito decreto establece que poden cubrirse por este mesmo procedemento aquelas prazas que segundo as previsións que contén o artigo 59 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de educación xeral do sistema educativo, favorezan as elaboracións de proxectos, innovacións curriculares, metodolóxicas, etc. entre as que existen prazas de recente implantación ou de difícil cobertura polo procedemento ordinario.

Sendo necesaria a provisión de distintas prazas por mor dos diversos convenios entre a Administración educativa e distintas institucións ou entidades a que se refire o artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, e outras incluídas no artigo 5 do devandito decreto, e tendo en conta a habilitación que figura na disposición derradeira primeira do mesmo decreto que autoriza a conselleira de Educación e Ordenación

Universitaria para ditar as disposicións que sexan precisas para a súa aplicación e desenvolvemento.

É polo que esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*DISPÓN:*

Primeiro.-Convocar concurso público de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, para adxudicar, en comisión de servizos, as prazas que figuran no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán participar nesta convocatoria os funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, que se atopen en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2005-2006 e que estean en posesión do título de perfeccionamento en lingua galega.

Enténdense tamén en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia o 31 de agosto de 2006 aqueles docentes que desde un destino definitivo da Comunidade Autónoma de Galicia accederon a un posto docente no estranxeiro e que deben reincorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

Terceiro.-O prazo para a presentación de instancias para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao secretario xeral, será 20 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia* e poderán presentarse no rexistro xeral da consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais, ou ben na forma prevista no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante a oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa selada e datada polo funcionario de Correos antes de ser certificada.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias e demais documentación, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase renuncia á participación no concurso de méritos específico dentro do prazo establecido para as reclamacións sinaladas no punto sexto, entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións formuladas.

Cuarto.-Aínda que se concursa a máis dunha praza, os concursantes presentarán unha única instancia, acompañada dunha fotocopia desta e unha folla de alegacións e autobaremación, axustada ao modelo que se poñerá á disposición dos interesados nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e simultaneamente presentarán, para a demostración dos méritos, os documentos que se indican no baremo que aparece como anexo II.

Os concursantes presentarán ademais:

-Proxecto de traballo sobre as liñas básicas de actuación para o desenvolvemento das funcións inherentes ao posto que se solicita, tendo en conta as súas características, cunha extensión máxima de 20 folios.

Quinto.-A selección dos aspirantes será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

-Presidente: o secretario xeral ou persoa na que delegue.

-Vogais: ata un máximo de catro, coa categoría de subdirectores xerais ou xefes de servizo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou membros da Inspección Educativa.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario con voz e sen voto.

A comisión poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, limitándose os devanditos asesores a prestaren a súa colaboración.

Ademais poderá asistir á comisión un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

Sexto.-Para a valoración dos puntos 1, 2, 3.1, 3.2, 4.1 e 7 do baremo establecido no anexo II a Comisión de Selección poderá delegar esta función nunha subcomisión formada por funcionarios da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Unha vez feita esta, os resultados serán publicados nos taboleiros de anuncios da consellería e das delegacións provinciais, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/>, sinalando a relación de excluídos e a causa da súa exclusión e establecendo un prazo de 10 días naturais desde a súa exposición para presentar as reclamacións que procedan.

Todos os aspirantes que obteñan unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto poderán ser convocados pola Comisión de Selección á celebración dunha entrevista para mellor apreciar as circunstancias que concorren neles e que versará sobre o proxecto presentado.

Sétimo.-Os membros da comisión e, de ser o caso, da subcomisión, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), estando cualificadas na categoría primeira.

Oitavo.-Aqueles aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista, no caso de ter lugar, non poderán ser propostos pola comisión. Serán seleccionados aqueles aspirantes que obtendo as puntuacións mínimas sinaladas acaden as maiores puntuacións no total das epígrafes recollidas no baremo establecido no anexo II, para a praza que solicitan.

Noveno.-No caso de producirse empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse, atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nas epígrafes 5, 1, 3.3, 4.2, 3.1, 3.2, 4.1 e 2.

Décimo.-Unha vez realizado todo o proceso anterior, a Comisión de Selección proporalle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria a adxudicación

dos postos, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderán notificados, para todos os efectos, os concursantes que afecte. Contra esta resolución poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición perante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderase formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeiro.-O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de 6 meses contados desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Décimo segundo.-Os seleccionados deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2006, cesando no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

As prazas adxudicadas serano en comisión de servizos, por un período de dous anos e un máximo de seis e con reserva do posto de traballo de orixe, de acordo co disposto no punto 2º do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### *ANEXO I*

\* Nº do posto: 1.

-Convenio: *Fundación Preescolar na Casa*.

-Destino: zonas de traballo de *Preescolar na Casa*, que se especifican a continuación:

Provincia da Coruña:

1.1. Concellos de Coristanco, Laxe, Santa Comba, Val do Dubra e Zas.

1.2. Concellos de Cedeira, Mañón, Moeche, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez e As Somozas.

1.3. Concellos de Ares, Cabanas, A Capela, Irixoa, Monfero, Mugardos e Pontedeume.

Provincia de Lugo:

1.4. Concellos de Carballedo, Chantada, Taboada e O Saviñao.

1.5. Concellos de Baleira, Cervantes, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Pol e Ribeira de Piñón.

1.6. Servizo de Recursos: equipo de TV (Lugo).

1.7. Servizo de Recursos: Xestión e Coordinación do programa (Lugo)

Provincia de Ourense:

1.8. Concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Cualedro, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

Provincia de Pontevedra:

1.9. Concellos de Caldas de Reis, Portas, Barro, Moraña, Campo Lameiro e Cuntis.

-Prazas:

A Coruña: 3 (mestres/as).

Lugo: 4 (mestres/as).

Ourense: 1 (mestre/a).

Pontevedra : 1 (mestre/a).

-Funcións:

Para o traballo coas familias: estudo da zona (recollida de datos, convocatorias e visitas a familias). Planificación e realización de xuntanzas de orientación quincenais coas familias. Contacto coas persoas e institucións da zona que poidan ter relación co traballo (pediatras, asistentes sociais, mestres, etc.). Colaborar cos diferentes medios do programa (revista, radio e televisión). Participar nas reunións de zona e xerais. Comprometerse coa formación. Organización de actividades diferentes ás reunións de orientación (excursións, charlas, exposicións, etc.).

Para o traballo do equipo de TV: elaboración de guións, localizar e visionar os lugares de gravación (toda Galicia), gravar en exteriores (toda Galicia), editar o programa na TVG, elaborar o teletexto e a páxina web, outras actividades relacionadas co programa (bases de datos, xestión de programas, etc.)

Para o traballo do Servizo de Recursos: apoio aos orientadores e equipos de zona, elaboración, análise e impulso de accións educativas, deseño e posta en marcha dos plans de formación, participar en foros de interese para o programa (en España e no estranxeiro), facer a avaliación global do programa.

-Observacións: carné de conducir e dispoñibilidade de vehículo. Flexibilidade horaria. De acordo coas necesidades do programa, as zonas de traballo poden sufrir modificacións ao longo do curso.

\* Nº do posto: 2.

-Convenio: Consellería de Sanidade.

-Destino: Hospital Psiquiátrico de Conxo en Santiago de Compostela

-Prazas: 1 praza para mestre/a.

-Funcións: organizar e coordinar as actividades educativas do centro. Conducir o itinerario educativo de xeito individualizado, se procede, de cada alumno. Impartición de clases de forma directa e coordinación cos equipos das unidades asistenciais. Apoio técnico e profesional aos alumnos en prácticas da Facultade

de Ciencias da Educación (Convenio Sergas-Universidade de Santiago). Dirixir e apoiar os voluntarios sociais que participen nos programas educativos do centro.

-Requisitos:

Experiencia en educación de adultos.

Coñecemento en técnicas de dinámica de grupos.

-Observacións: horario preferentemente de tarde.

\* Nº do posto: 3.

-Convenio: *Asociación para Formación e Emprego de Mozos Discapacitados*.

-Destino: Santiago de Compostela.

-Prazas: 1 praza para mestre/a.

-Funcións: integración social de mozos diminuídos. A través do traballo como terapia fundamental mellorar a situación persoal e a calidade de vida destes mozos discapacitados. Actividades axeitadas á súa situación. Realizar, e, se é o caso, coordinar todas as actividades escolares e extraescolares do centro. Traballo en programas de desenvolvemento integral.

-Requisitos: experiencia en educación especial. Especialista en pedagogía terapéutica. Coñecementos de traballos de manualidades: encadernación, cerámica, etc.

-Observacións: horario adaptado ás necesidades do centro.

\* Nº do posto: 4.

-Programa específico: CEE Nosa Señora do Rosario-A Coruña.

-Destino: CEE Nosa Señora do Rosario na Coruña.

-Prazas:

1 profesor de ensino secundario do ámbito de letras (perfil de sociais).

1 profesor de ensino secundario: xefe/a Departamento de Orientación.

1 profesor de ensino secundario de física e química.

1 profesor de ensino secundario de tecnoloxía.

-Funcións: impartir docencia a alumnos con deficiencias auditivas.

-Requisitos: profesor de ensino secundario coas especialidades requiridas en cada caso.

\* Nº do posto: 5.

-Programa específico: Consellería de Sanidade.

-Destino:

5.1. Hospital Clínico de Santiago de Compostela. 1 praza mestre/a.

5.2. Hospital Islas Cíes de Vigo. 1 praza de mestre/a.

5.3. Complexo Hospitalario de Ourense. 2 prazas de mestres/as.

5.4. Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol. 1 praza de mestre/a.

5.5. Hospital Provincial de Pontevedra. 1 praza de mestres/as

-Prazas: 6 prazas para mestres/as.

-Funcións: proseguir a formación dos nenos/as durante a permanencia no hospital, sen que a actividade docente lle cause prexuízos ao seu benestar e non obstaculice os tratamentos correspondentes. Manter hábitos de estudo. Coordinación cos centros educativos aos que asisten normalmente. Estimular a actividade creativa para evitar o aburrimiento. Darlles un carácter positivo e contido formativo aos tempos libres e de ocio no hospital.

-Requisitos: especialista en pedagogía terapéutica. Competencia como asesor e traballo en equipo co persoal do centro hospitalario. Cursos relacionados coa saúde.

-Observacións: horario adaptado ás necesidades do centro.

\* Nº do posto: 6.

-Programa específico: *Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia.*

-Destino: Lugo.

-Prazas: 1 praza para mestre/a.

-Funcións: colaboración no eido educativo para a rehabilitación e integración sociolaboral das persoas atendidas pola fundación. Actividades orientadas a facilitar a súa integración social e laboral e á adquisición de hábitos e actitudes positivas que favorezan o desenvolvemento e maduración persoal, contribuíndo ao éxito do seu proceso terapéutico.

-Requisitos: experiencia en educación de adultos.

-Observacións: horario adaptado ás necesidades da fundación.

\* Nº do posto: 7.

-Convenio: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

-Destino: coordinador do Programa de Escolas Viaxeiras. Lugo.

-Prazas: 1 praza de mestre/a.

-Funcións: coordinar e informar sobre todos os aspectos do programa, tanto os que se reciban en Galicia como os desprazamentos de alumnos galegos a outras comunidades. Elaborar o proxecto anual do traballo, proxecto educativo, curricular e organizativo. Elaborar os cadernos de traballo dos alumnos participantes. Recibir e instalar os alumnos. Organización do transporte, visitas, aloxamento, mantemento, etc. Coordinar os profesores tutores acompañantes. Memoria de valoración de resultados. Elaboración da memoria económica. Aquel outras funcións ou actividades que teñan relación cos profesores de alumnos.

-Observacións: horario adaptado en cada momento ás necesidades que demande a realización do programa, especialmente nos meses de estadia real dos alumnos.

\* Nº do posto: 8.

-Convenio: coordinador escolarización poboación marxinada.

-Destino:

8.1. A Coruña: 1 posto.

8.2. Lugo: 1 posto.

-Prazas: 2 prazas para mestres/as.

-Funcións: potenciar a integración escolar dos alumnos de poboacións marxinadas. Coordinación cos diferentes centros. Xestións entre as familias para conseguir a súa escolarización. Control do absentismo escolar. Potenciación do interculturalismo.

-Requisitos: experiencia en programas de integración de minorías. Facilitade de comunicación con poboacións marxinadas. Experiencia en educación compensatoria.

\* Nº do posto: 9.

-Convenio: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

-Destino:

9.1. Castelo de Santa Cruz-Concello de Oleiros. (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA): 1 posto.

9.2. Servizos centrais da Consellería de Medio Ambiente en Santiago de Compostela: 1 posto.

-Prazas:

Prazas: 2 profesor de ensinanza secundaria.

-Especialidade: preferentemente bioloxía, física e química.

-Funcións:

Recoller as achegas en Educación Ambiental dos diferentes colectivos implicados nos procesos educativos regrados e non regrados e presentar as propostas elaboradas.

Desenvolver accións normativas de educación ambiental nas aulas da natureza e realizar o seguimento dos resultados.

Establecer liñas de colaboración cos seminarios permanentes de renovación pedagóxica, asociacións ecoloxistas e demais colectivos implicados no ámbito da educación ambiental.

-Requisitos:

Experiencia en programación, organización, coordinación e dirección de actividades de formación.

Coñecementos do medio natural (mestrados, cursos, publicacións, etc).

**-Observacións:**

Horario da Administración xeral.

Postos Castelo de Santa Cruz, posible horario de mañá e tarde.

\* Nº do posto: 10.

-Programa específico: Convenio ONCE.

-Destino: centro base da ONCE en cada unha das seguintes localidades: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

**-Prazas:**

10.1. A Coruña 1 de mestre/a.

10.2. Lugo 1 de mestre/a.

10.3. Ourense 1 de mestre/a.

10.4. Pontevedra 1 de mestre/a.

**-Funcións:**

Atención á educación integrada de cegos e deficientes visuais, cunha intervención directa, presencial e personalizada co alumno.

Atención á familia.

Asesoramento ao profesorado da aula.

Adaptación de materiais.

-Requisitos: dispoñibilidade de vehículo particular.

\* Nº do posto: 11.

-Programa específico: IES A Sardiñeira-A Coruña.

-Destino: IES A Sardiñeira na Coruña.

**-Prazas:**

Prazas: 1 de profesor de ensinanza secundaria.

-Especialidade: análise e química industrial ou física e química.

-Funcións: impartir o módulo de Proceso Químico en convenio con REPSOL.

-Requisitos: profesor de ensino secundario coa especialidade sinalada.

\* Nº do posto: 12.

-Convenio: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

**-Destino:**

12.1. Centro educativo Montealegre en Ourense: 1 posto.

12.2. Centro de atención específica Montefiz en Ourense: 1 posto.

**-Prazas:**

Prazas: 2 mestres/as.

**-Funcións:**

Docencia no centro aos internos que, por diversos motivos, non asistan a clases en centros ordinarios.

Apoio educativo aos internos que estean escolarizados en centros ordinarios e coordinación cos ditos centros.

Apoio educativo aos internos matriculados en modalidades de educación a distancia.

**-Requisitos:**

Experiencia en educación de adultos e/ou en traballo con persoas con necesidades educativas especiais.

Coñecementos de informática en canto á utilización deste tipo de recursos no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

-Observacións: dispoñibilidade horaria (xornada partida para adaptarse ás necesidades dos internos).

**ANEXO II**

Conceptos	Puntuación	Total puntos máximo	Documentos xustificativos
1. Antigüidade: Por cada ano de servizo como funcionario de carreira. Para estes efectos computaranse os servizos docentes reconecidos conforme a Lei 70/1978; non se computarán os exixidos como requisito.	0,50 puntos	5 puntos	Folla de servizos.
2. Méritos académicos: 2.1. Polo título de doutor 2.2. Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñería, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes 2.3. Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura	1 punto 0,5 puntos 0,25 puntos	2 puntos	Copia compulsada das titulacións alegadas.
3. Formación e perfeccionamento: 3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados) 3.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos (0,10 puntos por cada 10 horas) 3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas)	Ata 2 puntos Ata 1 punto Ata 3 puntos	6 puntos	Copia compulsada da documentación alegada.
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas: 4.1. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, de carácter xeral 4.2. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, relacionadas coa praza que se solicita (Deberán conter o ISBN, agás as excepcións recollidas na lexislación vivente)	Ata 1 punto Ata 2 puntos	3 puntos	Documentación orixinal ou copia cotexada.
5. Proxecto de traballo: O proxecto de traballo deberá conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición á que corresponde a praza que se solicita (puntuación mínima exixida por esta epígrafe: 4 puntos)	Ata 6 puntos polo proxecto	Ata 6 puntos	Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios
6. Entrevista sobre o proxecto presentado (puntuación mínima exixida por esta epígrafe: 4 puntos)	Ata 6 puntos pola entrevista	Ata 6 puntos	
7. Exclusivamente para o posto número 4. Valóranse os cursos relacionados co coñecemento da linguaxe de signos (0,10 puntos por cada 10 horas)	Ata 1 punto	1 punto	Copia compulsada da documentación alegada.

ANEXO IV

PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

NOME  DNI  NRP

LUGAR E PROVINCIA DE NACEMENTO  DATA NACEMENTO  NRP

**SERVIZOS COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DESDE O SEU INGRESO NO CORPO**

DESTINO	POSESIÓN			CESAMENTOS			SERVIZOS			
	D	M	A	CAUSA	D	M	A	D	M	A

**SERVIZOS COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NOUTROS CORPOS OU ESCALAS DOCENTES**

DESTINO	POSESIÓN			CESAMENTOS			SERVIZOS			
	D	M	A	CAUSA	D	M	A	D	M	A

ANEXO III

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN**

CORPO AO QUE PERTENCE  DISCIPLINA

PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

NOME  DNI  NRP

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

RÚA E Nº  TELÉFONO

LOCALIDADE  CÓDIGO POSTAL

**DATOS DESTINOS**

CENTRO DE DESTINO DEFINITIVO 2005/2006  LOCALIDADE

CENTRO DE DESTINO PROVISIONAL 2005/2006  LOCALIDADE

**PAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA:**

ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO
1		5	9	13			
2		6	10	14			
3		7	11	15			
4		8	12	16			

En \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2006  
 de \_\_\_\_\_ de 2006  
 SINATURA DO/A INTERESADO/A

Concepto	Puntuacións parciais	Total
1. Antigüidade (Máximo 5 puntos) Por cada ano de funcionario de carreira no corpo docente	0,50	
2. Méritos académicos (Máximo 2 puntos)		
2.1. Polo título de doutor	1	
2.2. Titulacións segundo ciclo	0,5	
2.3. Titulacións primeiro ciclo	0,25	
3. Formación e perfeccionamento (Máximo 6 puntos)		
3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por c/10 horas)	Ata 2 puntos	
3.2. Por outras actividades de formación (0,10 puntos por c/10 horas)	Ata 1 puntos	
3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por c/10 horas)	Ata 3 puntos	
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas (Máximo 3 puntos)		
4.1. Por publicacións de carácter didáctico.... de carácter xeral	Ata 1 puntos	
4.2. Por publicacións de carácter didáctico.... relacionadas coa praza que solicita	Ata 2 puntos	

*Anuncio do 5 de maio de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso do procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de Educación.*

A base común 7.1 da Orde do 11 de outubro de 2005 (DOG do 26 de outubro), pola que se convocaba procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de Educación, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Publicado o baremo provisorio e vistas as reclamacións, esta secretaría xeral

#### **DISPÓN:**

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, as puntuacións definitivas do baremo do corpo de inspectores establecidas na Orde do 11 de outubro de 2005, por epígrafes e por especialidades.

Segundo.-Contra estas puntuacións definitivas poderá presentarse recurso de alzada, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2006.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

*Anuncio do 8 de maio de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 20 de marzo de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 30 de marzo), polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés e especialidade de navegacións e instalacións mariñas; no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de máquinas, servizos e produción; no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de ruso e no corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño, especialidade de técnicas cerámicas.*

Rematado o prazo para presentar a instancia de solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta secretaría xeral

#### **RESOLVE:**

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés e especialidade de navegacións e instalacións mariñas no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de máquinas, servizos e produción; no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de ruso e no corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño, especialidade de técnicas cerámicas.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2006.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria